

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

13/09/2023

16:00 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Como se chaman as empresas especializadas en organizar, por conta allea, transportes internacionais e levar a cabo os trámites aduaneiros?

- a) Aduaneiros.
- b) Axentes de inspección.
- c) Transportistas.
- d) Transitarios.

2. Que permite un tamaño empresarial grande no sector do transporte de mercadorías por estrada?

- a) Encarecer a adquisición de vehículos e de todos os aprovisionamentos.
- b) Acceder a recursos financeiros externos en maior cantidade e mellores condicións.
- c) Non acceder a innovacións tecnolóxicas que melloran a produtividade.
- d) Reducir a capacidade de comercialización.

3. Que nome recibe a xunta xeral de socios que se convoca nos primeiros 6 meses do exercicio para aprobar as contas dunha sociedade anónima?

- a) Xunta ordinaria.
- b) Xunta extraordinaria.
- c) Xunta universal.
- d) Xunta de veciños

4. Considérase transporte internacional de mercadorías aquel cuxo itinerario discorre:

- a) polo menos parcialmente polo territorio de dous Estados estranxeiros.
- b) totalmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) polo menos parcialmente polo territorio de tres Estados estranxeiros.
- d) polo menos parcialmente polo territorio dun Estado estranxeiro.

5. Como debe estar disposta a carga transportada nun vehículo?

- a) Debe permitir a transferencia de masas para manter o equilibrio de forzas durante a condución.
- b) Debe colocarse a máis pesada sobre o eixo de tracción para aproveitar a potencia do vehículo.
- c) Debe colocarse a parte máis voluminosa sobre o eixo traseiro para facilitar a visibilidade ao condutor.
- d) Non debe comprometer a estabilidade.

6. O sistema de suspensión dun camión:

- a) regula a presión de inflado.
- b) evita que a roda sufra un certo deslizamiento.
- c) evita que todas as imperfeccións do terreo se transmitan dentro do habitáculo.
- d) controla o movemento do vehículo en caso de aquaplaning.

7. A resistencia do aire actúa sempre:

- a) no mesmo sentido que a traxectoria do camión.
- b) en sentido perpendicular á forza motriz.
- c) en sentido oblicuo á súa traxectoria.
- d) en sentido oposto ao movemento do camión.

8. Como se denomina a resistencia ao movemento dun camión que provén do aire?

- a) Desprazamento de masas.
- b) Resistencia aerodinámica.
- c) Forza de molaridade.
- d) Forza atemporal.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. A distribución incorrecta da carga:

- a) afecta positivamente á estabilidade do vehículo.
- b) afecta á maniobrabilidade dos operarios de descarga.
- c) reduce considerablemente o risco de accidente.
- d) afecta negativamente á estabilidade do vehículo.

10. Que é a estiba?

- a) É a arte de colocar a carga para ser transportada da mellor maneira.
- b) É a actividade que regula a aceleración do vehículo.
- c) É a forma de aforrar combustible.
- d) É a maneira de conducir.

11. Cales son as funcións propias dun comercial nunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Controlar a selección, formación e rendemento do persoal da empresa.
- b) Realizar funcións de planificación, dirección e coordinación.
- c) Conducir os vehículos
- d) Realizar o seguimento comercial dos servizos.

12. Un empresario individual asume o risco derivado da súa actividade, debendo responder, xeralmente, das súas obrigas con:

- a) O 75% do seu patrimonio
- b) O 100% do seu patrimonio
- c) O 50% do seu patrimonio
- d) O 25% do seu patrimonio

13. Que clase de autorizacións permiten o exercicio de actividades complementarias do transporte?

- a) A autorización identificada rexistralmente coa clave EC para o exercicio da actividade de estacións de mercadorías e centros loxísticos.
- b) A autorización identificada rexistralmente coa clave AD para o exercicio da actividade de almacenista-distribuidor de mercadorías en carga fraccionada.
- c) A autorización identificada rexistralmente coa clave TT para o exercicio da actividade de transitario.
- d) A autorización identificada rexistralmente coa clave OT.

14. No transporte privado complementario de mercadorías non é necesaria a autorización administrativa se o vehículo non supera unha MMA de:

- a) 2 toneladas.
- b) 3 toneladas.
- c) 3,5 toneladas.
- d) 4 toneladas.

15. Quen dos seguintes pode desenvolver legalmente funcións de mediación entre as empresas cargadoras e os transportistas?

- a) As axencias de transporte autorizadas.
- b) O persoal da Administración.
- c) O expedidor.
- d) O representante dos transportistas.

16. A formación obrigatoria dos condutores profesionais distingue entre:

- a) Formación continuada e final.
- b) Formación inicial e final.
- c) Formación inicial e continua.
- d) Formación única e discontinua.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. O dispositivo que ten como función principal cortar a subministración de combustible ao motor cando o vehículo chega a unha determinada velocidade, como se chama?

- a) Economizador de combustible.
- b) Limitador de combustible.
- c) Regulador de velocidade.
- d) Limitador de velocidade

18. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras FRF?

- a) Esta clase de vehículo non existe.
- b) Un vehículo frigorífico reforzado da clase F.
- c) Un vehículo frigorífico reforzado da clase N.
- d) Un vehículo isoterma normal da clase F.

19. Que elemento separa o movemento do motor do resto da transmisión cando se precisa cambiar de marcha?

- a) A caixa de velocidades.
- b) O diferencial.
- c) O volante do motor.
- d) O embrague.

20. Para poder calcular a carga útil dun camiión é necesario:

- a) sumar a súa MMA a súa TARA.
- b) restar a TARA da súa MMA.
- c) restar a MMA da TARA.
- d) cargar o vehículo nunha báscula, en todo caso.

21. Como se denominan os diversos elementos que se opoñen ao movemento do camiión?

- a) Forzas.
- b) Resistencias.
- c) Resortes.
- d) Facultades.

22. O transporte funerario realizado por prestadores de servizos funerarios:

- a) necesita autorización de transporte funerario (tarxeta VF).
- b) necesita autorización de transporte privado complementario de mercadorías (tarxeta MPCE).
- c) necesita autorización de transporte público de mercadorías (tarxeta MDLE).
- d) está exento de autorización.

23. Que tipo de transporte se pode efectuar cunha autorización identificada rexistralmente coa clave MDPE?

- a) Só interurbano nun radio de 100 quilómetros.
- b) Só interurbano na Comunidade Autónoma na que se reside.
- c) Tanto urbano como interurbano, pero limitado á Comunidade Autónoma na que se reside.
- d) Tanto urbano como interurbano en todo o territorio nacional.

24. A realización da actividade de operador loxístico:

- a) require autorización administrativa.
- b) non require ningún tipo de autorización administrativa.
- c) require autorización administrativa só se se desenvolve en relación co transporte internacional.
- d) require autorización administrativa só se se exerce para máis de cinco empresas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Porqué causas pode a Administración ordenar outro sentido de circulación nunha vía?

- a) Por causas económicas ou sociais.
- b) Por motivos ambientais.
- c) Por razóns de urxencia e oportunidade.
- d) Pode realizalo en calquera momento sen necesidade de motivación algunha.

26. Como se detecta que non se queima a totalidade de carburante presente nos cilindros do motor?

- a) Polo ruído característico que fai o motor cando se produce esta circunstancia.
- b) Porque o motor cálase.
- c) Porque a cor do fume de escape é negro.
- d) Porque o motor da tiróns.

27. Que obrigación non impón a normativa de prevención de riscos laborais?

- a) Que o traballador respecte os métodos de traballo estipulados.
- b) Que o traballador utilice os equipos de protección que se determinen.
- c) Que o traballador utilice as medidas de saúde.
- d) Que o traballador utilice as medidas de seguridade que se determinen.

28. Que período de validez ten a tarxeta de tacógrafo de condutor?

- a) Cinco anos.
- b) Dous anos.
- c) Tres anos.
- d) A mesma validez que o permiso de conducir.

29. Que percepción interesa, fundamentalmente, a unha empresa de transporte no que se refire á calidade do seu servizo?

- a) A da Administración Pública.
- b) A das empresas de transporte competidoras.
- c) A dos clientes.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

30. Un mantemento regular do vehículo pode chegar a reducir o consumo?

- a) Non, só depende do carburante.
- b) Non, nunca.
- c) Só en traxectos longos.
- d) Si.

31. As estatísticas mostran que, con relación á situación de hai 30 anos, en España o número de mortos en accidente de tráfico:

- a) aumentou considerablemente.
- b) diminuíu considerablemente.
- c) mantívose estable.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

32. Ante a previsión de condicións meteorolóxicas adversas debidas á neve, que debemos levar no vehículo?

- a) Pouco combustible para ir máis rápido.
- b) Suplemento de anticonxelante.
- c) Combustible suficiente para poder contar con máis tempo de calefacción.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Aparte da altura do traballador e o espazo de movemento, é necesario ter en conta aspectos como a temperatura e a humidade, a boa iluminación, cores e ruído á hora de crear un bo espazo de traballo?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só a iluminación e o ruído.
- d) Só a temperatura e o ruído.

34. Como medida de prevención de riscos para o condutor, é importante que o respaldo do seu asento no vehículo:

- a) sexa moi abrandado.
- b) cubra completamente as costas.
- c) sexa de material transpirable.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

35. O airbag é un mecanismo de seguridade:

- a) activa.
- b) pasiva.
- c) tanto activa como pasiva.
- d) Non é un mecanismo de seguridade senón de emerxencia.

36. O consumo de carburante dun vehículo adóitase medir en?

- a) euros cada 1.000 quilómetros percorridos.
- b) litros consumidos cada 100 quilómetros percorridos.
- c) litros consumidos por período de tempo.
- d) euros cada 100 quilómetros percorridos.

37. A normativa vixente establece que, como norma xeral, o período de condución diario non pode exceder de:

- a) 12 horas.
- b) 9 horas.
- c) 11 horas.
- d) 8 horas.

38. Ter o vehículo mal ventilado e estar nunha postura incomoda ao volante, que pode provocar?

- a) Somnolencia.
- b) Fame.
- c) Fatiga.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

39. Un condutor alérxico baixo os efectos de antihistamínicos, que pode experimentar?

- a) Aumento da capacidade de atención.
- b) Aumento na coordinación.
- c) Somnolencia.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

40. Un vehículo de transporte de mercadorías cunha MMA de 3 toneladas:

- a) debe levar instalado tacógrafo.
- b) debe levar instalado tacógrafo se se destina ao transporte público.
- c) está exento de levar instalado tacógrafo.
- d) debe utilizar tacógrafo en transporte internacional.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. É o transporte unha actividade de risco?

- a) Non.
- b) Case nunca.
- c) Si.
- d) Depende do vehículo.

42. Ademais doutras consecuencias, que provocan os accidentes laborais?

- a) Un gran custo económico.
- b) Unha maior motivación do traballador.
- c) A mellora das relacións laborais.
- d) Máis satisfacción no posto de traballo.

43. A cantidade ingerida e a rapidez coa que se tome, inflúen no nivel de alcol no sangue?

- a) A cantidade ingerida si, a rapidez non.
- b) Si.
- c) Non.
- d) Soamente a rapidez coa que se tome o alcol.

44. Nos accidentes de traballo no transporte, que lesión, causada pola limpeza de cisternas ou da caixa do vehículo en condicións inadecuadas, sobre todo se contiveron mercadorías perigosas, é a máis frecuente?

- a) Morte.
- b) Luxaciones.
- c) Lesións na pel, lesións oculares.
- d) Hernias discales.

45. Cal é a principal causa de sinistralidade laboral para os traballadores do transporte?

- a) A intervención en accidentes de tráfico.
- b) A escasa visibilidade no posto de condución.
- c) Cables e enchufes defectuosos.
- d) Conexións inadecuadas.

46. Que filtro pode ser o causante de que polo tubo de escape salga unha cantidade excesiva de fume negro?

- a) O filtro de aceite.
- b) O filtro de gasoil.
- c) O filtro do aire.
- d) O filtro de inxección.

47. A seguridade pasiva, como se denomina?

- a) Seguridade dinámica.
- b) Seguridade secundaria.
- c) Seguridade primaria.
- d) Seguridade estática.

48. Ante a presenza dun accidente de circulación, se houberse feridos graves, os demais condutores:

- a) deben exercer movementos intensos sobre os feridos para que se reanimen.
- b) deben trasladar aos feridos urxentemente nos seus vehículos ao hospital máis próximo.
- c) deben continuar a marcha para non entorpecer a circulación.
- d) non deben mover aos feridos, salvo perigo inminente de incendio, atropelo ou outra circunstancia similar.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Para solucionar un incendio nunha roda cun extintor portátil de po, que debemos facer?

- a) Tomar o incendio ao comezo do mesmo.
- b) Aplicar o extintor ata que se apague a chama.
- c) Extremar a precaución pola posibilidade de que rebente.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

50. Nun motor de combustión, o par motor máximo conséguese

- a) cando o motor vira ao máximo de revolucións.
- b) cando o motor vira ao mínimo de revolucións.
- c) cando o motor vira a un réxime medio de revolucións.
- d) cando o vehículo circula en pendente ascendente.

51. Un quilowatio de potencia equivale, aproximadamente, a:

- a) 1,36 cabalos de vapor.
- b) 2,5 cabalos de vapor.
- c) 1,10 cabalos de vapor.
- d) 2,25 cabalos de vapor.

52. En relación co auxilio aos feridos dun accidente de tráfico, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) Se o ferido se atopa fóra do vehículo, unicamente se debe move para protexer a súa integridade, por exemplo, no caso de que se atope exposto a risco grave de atropelo.
- b) Se algún ferido permanece dentro do vehículo e se pode atender alí mesmo, non se debe tentar sacalo ao exterior.
- c) A primeira actuación ante un ferido é sempre sacalo do lugar do accidente.
- d) Non debe moverse aos feridos, mesmo en caso de envorco, salvo perigo inminente de incendio ou outra circunstancia extrema.

53. O empuxe que o aire exerce sobre un vehículo en movemento repercute sobre:

- a) o embrague.
- b) a forza termodinámica.
- c) o consumo.
- d) a forza de solubilidade térmica.

54. En caso de avaría, é obrigatorio reparar o tacógrafo analóxico tan pronto as circunstancias o permitan?

- a) Si, tan pronto as circunstancias o permitan.
- b) Si, pero pódese reparar cando se queira.
- c) Non é obrigatorio.
- d) Si, nun máximo de cinco días desde que se avaría.

55. En que caso debe presentar un condutor un certificado de actividades aos axentes de control?

- a) Nun control na estrada en todo caso.
- b) Nun control na estrada para xustificar unha baixa por enfermidade que se produciu hai 2 meses.
- c) Nun control na estrada para xustificar unha baixa por enfermidade dentro do período dos últimos 28 días.
- d) En ningún caso.

56. Das seguintes opcións, cal non é unha perda enerxética do motor?

- a) Perdas por evaporación do combustible.
- b) Perda de calor polo tubo de escape.
- c) Perdas térmicas e mecánicas en forma de calor a través do sistema de refrixeración.
- d) Perdas mecánicas na transmisión.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Cal dos seguintes elementos non é un tipo de ralentizador?

- a) O ralentizador hidráulico.
- b) O calderín de freado.
- c) O ralentizador electromagnético.
- d) O freo motor no escape.

58. Os transportes de mercadorías realizados en vehículos de menos de tres rodas:

- a) Están exentos de autorización.
- b) Necesitan unha autorización de transporte privado complementario.
- c) Necesitan unha autorización de transporte público.
- d) Necesitan unha autorización de vehículo especial

59. Cal das seguintes é unha característica diferenciadora dun servizo de transporte que pode supoñer a percepción dun nivel de calidade superior por parte do cliente?

- a) A integridade da carga.
- b) A seguridade dos pasaxeiros.
- c) Un seguro complementario da mercadoría.
- d) O desenvolvemento íntegro do traxecto.

60. Cal é o factor que produce estrés entre os condutores profesionais?

- a) Illamento social, sobre todo no caso dos transportes internacionais de longa duración.
- b) Risco económico persoal se se trata dun transportista autónomo.
- c) Prolongación de xornadas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

61. Cando debe envorcarase a información das tarxetas de condutor?

- a) Nunca.
- b) Todas as semanas.
- c) Cando cambie de vehículo.
- d) Ao abandonar a empresa o condutor.

62. Rexistra a tarxeta de condutor na súa memoria a ranura do tacógrafo na que está inserida?

- a) Si, sempre.
- b) Si, pero só na ranura 1.
- c) Si pero só na ranura 2.
- d) Non, nunca.

63. O consumo dun vehículo para percorrer 100 km, é algo característico do deseño do motor ou depende da forma e estilo de condución?

- a) É característico do motor do vehículo, polo que só depende do seu deseño.
- b) Só depende da forma e estilo de condución.
- c) Depende tanto da forma e estilo de condución como das características do vehículo e o seu motor.
- d) Non depende de ningún dos dous factores mencionados.

64. O ralentizador eléctrico

- a) regula a intensidade eléctrica que xera o alternador.
- b) regula a tensión eléctrica que xera o alternador.
- c) mantén constante a tensión eléctrica que sae da batería.
- d) utilízase para evitar o fenómeno fading".

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Para decidir o momento no que se debe cambiar a unha relación de marcha máis alta, que é o que se deberá comprobar?

- a) O número de revolucións do motor.
- b) A presión que indique o manómetro.
- c) O par motor que indique o velocímetro.
- d) O número de revolucións da caixa de velocidades.

66. Que efectos produce a morfina na conducción?

- a) Aumenta a seguridade.
- b) Aumenta a capacidade de reacción.
- c) Produce somnolencia.
- d) Diminúe a distancia de freada.

67. Para unha boa utilización da inercia do vehículo, é conveniente:

- a) manter a aceleración ata o momento de pisar o freo.
- b) deixar de acelerar con suficiente antelación.
- c) pisar o freo e o embrague á vez.
- d) pisar o embrague antes que o freo.

68. Como medida de aforro de carburante, que actuación, das que se citan, é correcta?

- a) Circular variando constantemente o réxime medio de revolucións.
- b) Utilizar a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo das circunstancias que se dean en cada momento.
- c) No verán, levar a presión de inflado dos pneumáticos por baixo da que recomende o fabricante.
- d) Baixar as pendentas co embrague pisado.

69. Que controversias compete resolver ás Xuntas Arbitrais do Transporte?

- a) De carácter civil, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.
- b) De carácter mercantil, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.
- c) De carácter laboral, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.
- d) De carácter penal, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.

70. Que tipo de equipo de protección individual son as pantallas para soldadura?

- a) Protectores dos ollos e da cara.
- b) Protectores das vías respiratorias.
- c) Protectores de pés e pernas.
- d) Protectores do tronco.

71. Que tipo de equipo de protección individual son os manguitos e mangas?

- a) Protectores de pés e pernas.
- b) Protectores dos ollos e da cara.
- c) Protectores das vías respiratorias.
- d) Protectores de mans e brazos.

72. Pódese visualizar a hora local dun país na pantalla do tacógrafo dixital?

- a) Si, pero só a do país de matriculación do vehículo.
- b) Si, pero só a do país de expedición da tarxeta de condutor inserida.
- c) Non, só se pode visualizar a hora UTC.
- d) Si, aínda que é meramente informativa debido a que non é a que utiliza o tacógrafo para o seu funcionamento.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Conducir de forma que se reduza a velocidade media de circulación ten como vantaxe:

- a) un menor consumo e contaminación ambiental.
- b) reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

74. Que movementos acrecentan o risco dos peóns na vía?

- a) Cruzar a vía por zonas indicadas para iso.
- b) Situar-se correctamente na calzada.
- c) Utilizar o paso de peóns.
- d) Baixar do vehículo sen comprobar se vén outro.

75. Cal é o accidente laboral máis frecuente que se pode producir como consecuencia de placas de xeo en cámaras e caixas frigoríficas?

- a) Exposición continuada a vibracións.
- b) Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- c) Caídas de persoas a distinto nivel.
- d) Atropelos por vehículos.

76. Onde se deben situar os diferentes mandos do vehículo?

- a) Na parte dereita do cadro de mandos.
- b) Na parte esquerda do cadro de mandos.
- c) Na parte central do cadro de mandos.
- d) En calquera sitio, sempre que sexa accesible para o condutor.

77. Ante a posible presenza de xeo, que zonas se deben evitar?

- a) Saídas de túneles.
- b) Cruces con vehículos de gran tonelaxe.
- c) Entradas do túneles.
- d) Zonas de gran arboleda.

78. Cando a tarxeta dun condutor é utilizada por outro que non é o titular, pódelle ser retirada pola autoridade competente?

- a) Non.
- b) Só se se utilizou fraudulentamente durante máis de 10 días consecutivos.
- c) Si.
- d) Só se se utilizou fraudulentamente durante máis de 5 días consecutivos.

79. O período de tempo comprendido entre as 00:00 do luns e as 24:00 do domingo, a que corresponde?

- a) A un período de descanso diario.
- b) A un día civil.
- c) A unha semana.
- d) A unha xornada laboral.

80. A zona de máxima eficiencia do motor, tamén chamada zona económica:

- a) está especificada no contarrevolucións, de cor azul.
- b) está especificada no contarrevolucións, de cor vermella.
- c) está especificada no volante, de cor gris.
- d) está especificada no contarrevolucións, xeralmente de cor verde.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Como se chaman as enfermidades producidas polas condicións nas que se desenvolve o traballo?

- a) Enfermidades posturales.
- b) Accidentes de traballo.
- c) Enfermidades profesionais.
- d) Lesións laborais.

82. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:

- a) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- b) baixar as pendentas en punto morto.
- c) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- d) manter a agulla do contarrevolucións do motor na zona marcada, xeralmente, de cor verde.

83. A distancia de seguridade que se manteña co vehículo que precede cando se vai conducindo, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si, porque unha distancia de seguridade curta fai que os imprevistos se observen antes.
- b) Si, porque unha maior distancia de seguridade permite realizar, en caso necesario, unha redución de velocidade máis progresiva.
- c) Non, a distancia de seguridade só inflúe nos accidentes.
- d) Si, en vías interurbanas, pero non en vías urbanas.

84. Entre os factores que inflúen no consumo de carburante dun vehículo pesado atópase:

- a) a montaxe de freos de disco.
- b) o mantemento do vehículo, a presión dos pneumáticos e o tipo de conducción que realice o condutor.
- c) o material do que estea construída a carrocería.
- d) o tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.

85. Dentro dos condicionantes da conducción, en que consiste a capacidade de atención?

- a) Concentración do condutor.
- b) Canto e como ve o condutor.
- c) Coñecemento do vehículo e das normas de circulación.
- d) Tempo de reacción.

86. Que factor inflúe no consumo de carburante?

- a) A aerodinámica do vehículo.
- b) A lonxitude do cigüeñal.
- c) A lonxitude da árbore de levas.
- d) A lonxitude do pistón.

87. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?

- a) Abrir as xanelas para que circule o aire libremente.
- b) Ao arrincar en frío, conducir con moita suavidade.
- c) Circular a velocidade constante, aínda que sexa alta.
- d) Circular en punto morto sempre que sexa posible.

88. Para evitar que apareza o efecto fading, ao baixar pendentas descendentes, que se deberá facer?

- a) Facer uso do ralentizador.
- b) Manter pisado fortemente o pedal do freo.
- c) Poñer punto morto.
- d) Parar o motor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. O condutor dun vehículo pesado pode facer que o motor vire a menos revolucións por minuto e, con iso, diminuír o consumo de carburante:

- a) reducindo a relación de compresión do motor.
- b) reducindo a carreira do pistón.
- c) utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible en función da velocidade á que se circule.
- d) aumentando a relación de compresión.

90. Ademais de reducir o consumo de carburante, realizar unha conducción económica presenta outras vantaxes. Sinale a resposta correcta.

- a) Prolónganse os prazos para pasar as inspeccións técnicas periódicas ITV.
- b) Permite aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- c) O desgaste dos pneumáticos é menor.
- d) Evita ter que comprobar o nivel do aceite do sistema de lubricación.

91. Os maiores, como peóns, teñen:

- a) unha maior mobilidade.
- b) unha mellor visión.
- c) unha diminución da audición.
- d) unha menor gravidade nas lesións en caso de accidente.

92. Na elaboración das estatísticas de accidentes de tráfico, se non hai colisión, considérase como implicado un vehículo se se produce algunha das seguintes circunstancias:

- a) Estivo detido axudando ás vítimas.
- b) Estivo parado en forma perigosa, de modo que constituíu un dos factores do accidente.
- c) Estivo presente no momento do accidente como testemuña.
- d) Todas as respostas son correctas.

93. Conducir na zona de maior par motor, pode influír no consumo de carburante dun motor de combustión?

- a) Si, porque nesa zona o consumo é maior.
- b) Si, porque nesa zona o consumo é menor.
- c) Non, porque o par motor é un dato que só inflúe na potencia.
- d) Non, porque o par motor é un dato que só inflúe na cilindrada.

94. Que período de validez teñen as tarxetas que se poden utilizar no tacógrafo dixital?

- a) Dous anos.
- b) Tres anos.
- c) Catro anos, excepto a tarxeta de empresa que ten dúas.
- d) Cinco anos, excepto a tarxeta de centro de ensaio que ten un.

95. Como é o esforzo das rodas no momento da freada?

- a) É o mesmo.
- b) Depende do peso que soporte cada unha delas.
- c) É superior nas rodas traseiras.
- d) É superior nas rodas dianteiras.

96. Como debe verificarse a presión de inflado dos pneumáticos?

- a) En frío.
- b) En quente.
- c) En frío ou en quente.
- d) Estacionando en terreo chaira.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. ¿Cómo se denomina ao transporte que realizan as empresas que, dedicándose a unha actividade distinta do transporte, manteñen vehículos propios para trasladar as súas mercadorías?

- a) Transporte privado particular.
- b) Transporte accesorio.
- c) Transporte privado complementario.
- d) Transporte ocasional

98. Que función teñen os sistemas de contención de vehículos nunha estrada?

- a) Regular a densidade do tráfico.
- b) Regular a intensidade do tráfico.
- c) Diminuír a gravidade dun accidente.
- d) Facer que se cumpran determinadas restricións.

99. Cun consumo igual, o nivel de alcol en sangue que se pode alcanzar é máis elevado:

- a) no home que na muller.
- b) nas persoas de máis idade.
- c) canto maior sexa a proporción de auga no organismo.
- d) Todas as respostas son correctas.

100. Enténdese por conducción eficiente a que:

- a) reduce o consumo de combustible.
- b) permite facer o roteiro en menos tempo.
- c) reduce as emisións contaminantes.
- d) As respostas A e C son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. A clasificación dos transportes de mercadorías por estrada en interiores e internacionais é unha clasificación en función de:

- a) o seu obxecto.
- b) o seu ámbito.
- c) a súa natureza.
- d) o seu réxime xurídico.

102. Segundo a normativa laboral española, o tempo de traballo efectivo dos condutores non pode superar:

- a) 10 horas ao día.
- b) 12 horas na súa xornada diaria.
- c) 14 horas á semana.
- d) 16 horas en tres días.

103. Nunha estrada, os sistemas de contención de vehículos poden

- a) regular a densidade do tráfico.
- b) regular a intensidade do tráfico.
- c) impedir a circulación de determinados vehículos.
- d) proporcionar un certo nivel de retención a un vehículo fóra de control.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 13-09-2023 16:00 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo A
Duración: 120 MINUTOS

97. ¿Como se denomina al transporte que realizan las empresas que, dedicándose a una actividad distinta del transporte, mantienen vehículos propios para trasladar sus mercancías?
a) Transporte privado particular.
b) Transporte accesorio.
c) Transporte privado complementario.
d) Transporte ocasional

98. ¿Qué función tienen los sistemas de contención de vehículos en una carretera?
a) Regular la densidad del tráfico.
b) Regular la intensidad del tráfico.
c) Disminuir la gravedad de un accidente.
d) Hacer que se cumplan determinadas restricciones.

99. Con un consumo igual, el nivel de alcohol en sangre que se puede alcanzar es más elevado:
a) en el varón que en la mujer.
b) en las personas de más edad.
c) cuanto mayor sea la proporción de agua en el organismo.
d) Todas las respuestas son correctas.

100. Se entiende por conducción eficiente la que:
a) reduce el consumo de combustible.
b) permite hacer la ruta en menos tiempo.
c) reduce las emisiones contaminantes.
d) Las respuestas A y C son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. La clasificación de los transportes de mercancías por carretera en interiores e internacionales es una clasificación en función de:
a) su objeto.
b) su ámbito.
c) su naturaleza.
d) su régimen jurídico.

102. Según la normativa laboral española, el tiempo de trabajo efectivo de los conductores no puede superar:
a) 10 horas al día.
b) 12 horas en su jornada diaria.
c) 14 horas a la semana.
d) 16 horas en tres días.

103. En una carretera, los sistemas de contención de vehículos pueden:
a) regular la densidad del tráfico.
b) regular la intensidad del tráfico.
c) impedir la circulación de determinados vehículos.
d) proporcionar un cierto nivel de retención a un vehículo fuera de control.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 13-09-2023 16:00 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo A
Duración: 120 MINUTOS

89. El conductor de un vehículo pesado puede hacer que el motor gire a menos revoluciones por minuto y, con ello, disminuir el consumo de carburante:
a) reduciendo la relación de compresión del motor.
b) reduciendo la carrera del pistón.
